



**BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE OBRAS DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS. (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL, EXP: 2017000002374).**

**1º) Obxecto da convocatoria:** A elaboración dunha lista para proceder a selección de catro peóns para a brigada de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Porto do Son.

**2º) Número de prazas:** Catro peóns.

**3º) Tipo e duración do contrato:** Contrato laboral temporal: modalidade de obra ou servizo determinado. A duración do contrato será de 7 meses, tendo como data de vixencia ata o 31 de decembro de 2017, a xornada completa e coas retribucións segundo convenio, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba, **esta contratación está subvencionada pola Deputación da Coruña**, Programa de Integración Laboral, exp: 2017000002374 (BOP núm. 243 do 26 de decembro de 2016).

**4º) Obxecto do contrato:** O persoal contratado realizará o traballo de peóns da Brigada de Obras para a prestación dos servizos públicos mínimos de prestación obrigatoria polo Concello de Porto do Son, en réxime de dispoñibilidade plena. Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos relacionadas coa prestación daqueles servizos públicos mínimos.

**5º) Requisitos xerais dos aspirantes.** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade.
- c) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante informe médico.
- e) Non ter sido separada do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, segundo se recolle no apartado 2.1. das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2017 (Liña 1. Pel-Concellos), publicadas no BOP Nº 243 do 26/12/2016:



CONCELLO DE  
PORTO DO SON

o día 21 de ABRIL de 2017

Retirado

o día ..... de ..... de 20.....

O/A Funcionario/a



- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. (Informe de vida laboral actualizado)
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar. (Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competentes).
- e) Persoas en situación de drogodependencia. (Informe dos servizos sociais municipais).
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego. (Informe dos servizos sociais municipais).
- g) Persoas con fogar monoparental. (Informe dos servizos sociais municipais).
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. (Informe dos servizos sociais municipais).
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero. (Informe dos servizos sociais municipais).
- j) Persoas sen fogar. (Informe dos servizos sociais municipais).

**6º) Publicidade da convocatoria:** Publicación do anuncio da convocatoria nun xornal de gran tiraxe, así mesmo as presentes Bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Porto do Son, e na paxina web do concello: <http://www.portodoson.gal>

**7º) Solicitudes:** Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como **anexo 1** (accesible na web municipal [www.portodoson.gal](http://www.portodoson.gal)), no apartado de “emprego”.

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello de Porto do Son, de luns a venres (de 8:00 a 14:00 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de cinco (5) días naturais dende o seguinte ao da publicación do anuncio no xornal.**

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no registro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse vía fax ao Concello (981-767358) a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes,



A solicitude deberá ir acompañada por copia de :

- DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou equivalente.
- Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.f das bases.
- Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 8 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados, vida laboral (adxuntando contratos).
- Tarxeta de demandante de emprego.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Porto do Son, a lista de aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para efectos de reclamacións ou emenda de defectos das solicitudes, así mesmo indicárase o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición.

### **8º) Selección:**

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso- oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 16 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

#### **A.- Fase de oposición:**

1.- Realización dunha proba práctica, nun tempo máximo de 15 minutos, que consistira en demostrar o seguintes aptitudes (puntuarase cada aptitude cun máximo de 2 puntos):

- manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo.
- as aptitudes profesionais.
- utilización das medidas de protección.
- o coidado da maquinaria.
- o tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

#### 2.- Coñecemento da lingua galega

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoseos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1, ou equivalente debidamente



homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

### **B.- Fase de concurso de méritos:**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso, e puntuarase cun máximo de 5 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

#### a) Experiencia profesional:

- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo: peón de obras ou categoría superior: 0,25 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos, acreditarase mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados, vida laboral (adxuntando contratos).

A puntuación máxima outorgable polo concepto “Experiencia profesional” será de 4 puntos.

#### b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados ou financiados polas administracións públicas, ata un máximo de 1 punto.

- Cursos de máis de 100 h: 1 punto.
- Cursos de 50 a 100 h: 0,75 puntos.
- Cursos de 16 a 49 h: 0,50 puntos.
- Cursos ata 15 h: 0,25 puntos
- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos

A puntuación máxima outorgable polo concepto “Formación” será de 1 punto.

**9º) Puntuación final.** Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso de méritos, de persistir o empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro.

Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida. A duración desta bolsa comprenderá ata o 31/12/2017.

**10º) Tribunal cualificador:** Estará composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Santos Segade.
- Vogais: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco.



En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

**11º) Formalización dos contratos:** Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, cos candidatos seleccionados.

**12º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados.** Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 9:00 a 14:00, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.
- Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude: DNI, acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.f das bases, tarxeta de demandante de emprego para o seu cotexo.

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

### **13º) NORMATIVA APLICABLE.**

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei de Coordinación das Policía Locais de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, Decreto 204/2000 de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece na Base 4ª), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.



Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello ([www.portodoson.gal](http://www.portodoson.gal)), no apartado “emprego”. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten a aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.


Cuarta.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Porto do Son, a 20 de abril de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo. José Luis Oujo Pouso.



## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. \_\_\_\_\_ de  
\_\_\_\_\_ anos, con domicilio en \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, piso  
\_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, D.N.I. \_\_\_\_\_

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de CATRO PRAZAS DE PEÓN PARA A BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a base 7ª da convocatoria:

- DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou equivalente.
- Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.f das bases.
- Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 8 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados, vida laboral (adxuntando contratos).
- Tarxeta de demandante de emprego.

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CATRO PRAZAS DE PEÓN PARA A BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.

En Porto do Son, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.